



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de novembro de dous mil dezaseis; as nove da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado sete de novembro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

CAMBIO TITULARIDADE DEREITO FUNERARIO

Visto o escrito presentado por **Dona Rosa Maria González Taboada**, con domicilio na estrada de Francelos nº 3, no que solicita o cambio de titularidade de dereito funerario, sobre a sepultura sita no solcalco primeiro dereita, fila 2, nº 13T, do cementerio municipal actualmente o nome de José Luis González Otero, pai da solicitante, o seu nome, para o cál acompaña diversa documentación..

A Xunta de Gobeno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda autorizar a tramisión do dereito do aproveitamento funerario sobre a sepultura terrena sita no solcalco primeiro dereita, fila 2, nº 13T, do cementerio municipal a nome de Rosa Maria González Taboada, que deberá cumprir coas seguintes condicións:

1. Queda terminantemente prohibido o aluguer ou venda de nichos .
2. Non se autorizará ningunha inhumación ou exhumación en nichos a perpetuidade, sepultura construída, panteón ou mausoleo sen que se presente o oportuno permiso asinado polo titular do dereito de uso.
3. As cesións a perpetuidade, tanto de terreos para panteóns ou mausoleos, coma de nichos e sepulturas construídas, enténdense outorgadas por todo o tempo durante o cal se utilice o cemiterio, non tendo dereito os cesionarios a indemnización algunha,



- nin tampouco polas construcións, cando por calquera causa se clausurase o cemiterio.
4. Se o Concello, por reforma do cemiterio ou outra causa, distinta do acordo de clausura, suprimise algunha destas sepulturas perpetuas, asignará ao concesionario outro terreo en sitio distinto, con dereito a indemnización pola construción que deba desaloxar.
 5. É obriga dos titulares do dereito de uso dos panteóns ou mausoleos, nichos e sepulturas construídas, o coidado das debidas condicións de hixiene, ornato e conservación.
 6. Cando estas construcións fosen desatendidas dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono, co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá demolelas e retirar cantos atributos e obxectos se encontren na sepultura, trasladando os restos que puidese conter ao osario común, sen que poida esixírselle indemnización algunha.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-

Visto o expediente a nome de **DON MANUEL ALONSO PEREIRAS** con DNI nº 38.929.372-P, con domicilio na avda. Alejandro Ferrer nº 15, Barral, Castrelo de Miño, relativo á subvención para actuacións no 13º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na Praza Garcia Boente nº 10/rúa San Martiño nº 26.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 11.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Garda Civil, dilixencias 2016-004534-0000416, relativo as incidencias ocorridas no centro docente Galiña Azul o día 08.11.2016.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CORRECCION DE ERRO.-

Habendose producido un erro no acordo acadado na Xunta de Goberno de data 10.10.2016, os membros da Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acordan correxilo, quedando o mesmo do seguinte xeito:



"PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICA PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS ELÉCTRICOS E OUTROS PARA OS DISTINTOS DEPARTAMENTOS DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Dase conta do expediente que se está a tramitar neste Concello para a contratación do subministro de materiais eléctricos e outros para o distintos departamento do Concello de Ribadavia.

De seguido o Sr. Alcalde somete a aprobación do expediente de contratación relativo a subministración referenciada.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 06.10.2016.
- Prego de prescripcóns técnicas de data 06.10.2016.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar o Prego de Prescripcóns técnicas e administrativa para a contratación do subministro de materiais eléctricos e outros para os distintos departamentos do Concello de Ribadavia.
2. Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para dita subministración, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar: Instalacións Amando S.L., Ferretería Chito S.L. e Ferretería Avenida S.C."

CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA DENOMINADA "MELLORA DO VIAL DE ACCESO O APARCAMENTO DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADAVIA.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 e Final da obra denominada "Mellora do vial de acceso o aparcamento do parque empresarial de Ribadavia", redactada pola Técnico Director da Obra Don Miguel Angel Pérez Marquina, executado pola empresa Cocigal 2013 S.L., por un importe total de 121.260,38 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1 e final, anteriormente indicada por importe de 121.260,38 euros, aboamento que se fará con cargo as aportacións da Consellería de Economía, Emprego e Comercio e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Cocigal 2013 S.L.. co nº FE-2016-08, de data 11.11.2016, pola mesma cantidade.

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL ELÉCTRICO E OUTROS PARA DISTINTOS DEPARTAMENTOS DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Ponse de manifesto a Xunta de Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade o contrato denominado "Subministro de material eléctrico e outros para distintos departamentos do Concello de Ribadavia".



Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foi aprobado ó 10 de outubro de 2016, mediante acordo de Xunta de Goberno local a través de procedemento negociado sen publicidade, procedéndose a invitación de empresas en data 17 de outubro de 2016.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura da documentación do sobre A e acto seguido os sobres B , mediante constitución de mesa de contratación ao efecto de data 10 de novembro de 2016.

A mesa de contratación analizadas as ofertas presentadas propon a Xunta de Goberno Local a adxudicación do Contrato de subministrados de "Material eléctrico e outros para distintos departamentos do Concello de Ribadavia" a empresa Instalaciones Amando S.L., sendo a que presenta a mellor oferta no seu conxunto, como queda acreditado na correspondente acta.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

Adxudicar o contrato denominado "Material eléctrico e outros para distintos departamentos do Concello de Ribadavia" a empresa Instalaciones Amando S.L., de acordo coa oferta presentada (prezos e melloras) que obran no expediente.

APROBACION DE ORZAMENTO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a proposta de mantemento da páxina web do Concello (Ribadavia.es) presentada pola empresa Elitek Solucións, por importe de 110 euros/mes máis I.V.E..

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº12/16.-

"A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº12/16, por importe de 38.500 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal".

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as nove e media da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia